

A lingua galega entre dous séculos (1875-1916): contribución á historia sociolingüística do galego

BEATRIZ GARCÍA TURNES

1. INTRODUCCIÓN

No mes de marzo de 1999 presentei ó V Premio de Ensaio en catalán, galega e vasco, organizado pola UNED, un traballo baseado na miña memoria de licenciatura *A lingua galega entre 1875 e 1916. Situación social e consciencia idiomática*. Respondendo á invitación dos responsables da *Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, tentei resumi-la miña investigación no artigo que agora teñen nas mans. Por suposto, neste artigo non podía presentar tódolos datos, tódolos textos, tódalas argumentacións que recollera nas duascenas páxinas do traballo inicial, así que decidín limitarme a unha exposición das principais conclusións a que cheguei no meu estudio.

Antes de expolas, convén aclarar que o obxectivo da miña investigación foi contribuír ó esclarecemento da historia sociolingüística do galega coa presentación dunha panorámica sobre a situación deste idioma entre 1875 e 1916. Esta panorámica supón o achegamento a tres puntos de interese: os usos orais do galega e, máis en concreto, o tímido proceso de deserción lingüística que, de acorde cas datos do *Mapa sociolingüístico de Galicia* (Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira, 1995), se produce na época da Restauración; o cultivo e a elaboración do idioma de Galicia; as ideas lingüísticas da elite promotora do cultivo do galega.

2. DESERCIÓN LINGÜÍSTICA

No período 1875-1916 desenvólvense dúos evolucións contrarias no seo do idioma galega, ámbalas dúos continuación de fenómenos que se viñan producindo dende tempo atrás: dunha banda, e polo que se refire á lingua oral, percíbese

unha moi lenta diminución do monolingüismo galega en favor, fundamentalmente, do bilingüismo galego-castelán; doutra banda, a lingua escrita conquista novos espazos, o que ten repercusións no *status* e no *corpus* (desenvolvemento estilístico) do idioma do país.

En canto ó primeiro destes movementos, dos textos analizados pódese deducir que a deserción lingüística que se estaba operando entre 1875 e 1916 afectaba sobre todo ás clases baixas das cidades, pois a clase campesiña —absolutamente maioritaria no período que nos ocupa— a penas tiña motivación nin posibilidades de cambio e as clases altas iniciaran o abandono do galega con anterioridade ó período estudado. Hai que ter en conta que durante o século XIX, e sobre todo a partir do desenvolvemento da industria conserveira a principios do XX, se produciu unha crecente emigración de traballadores cara ós núcleos urbanos e industrializados de Galicia, co que aumentou a poboación que constituía o grupo social en proceso de castelanización.

2.1. CLASES ALTAS: BURGUESÍA E FIDALGUÍA

A burguesía urbana iniciara o seu rápido proceso de deserción lingüística cara ó segundo tercio do século XIX e fixérao primeiro no ámbito do público e logo na esfera do privado, primeiro nas cidades da costa e máis tarde nas do interior. Nas vilas de terra adentro o cambio debeu ser máis serodio; por iso non ten que chama-la nasa atención o feito de que na novela bilingüe *Don Porrazo o mi cubierto de plata*, de 1909, Manuel Vidal Rodríguez faga falar en galego á pequena burguesía vilega: o médico, o secretario do xulgado...

O abandono do idioma do país por parte da burguesía testemuñano autores como Joaquín de Arévalo (en Hermida 1992), Manuel Murguía (1886) ou Antonio López Ferreiro (1895), que aínda perciben como recente ese cambio de lingua. López Ferreiro, por exemplo, escritor nacido en 1837 no seo dunha familia burguesa compostelá, recorda na dedicatoria de *A tecedeira de Bonoval* que o galega foi a lingua da súa infancia.

O novo Estado burgués que se consolida durante a Restauración, cunha demanda crecente de funcionarios que debían coñecer-la lingua castelá para exercer-los seus cargos, supuña un forte atractivo para a burguesía, que, dada a feble industrialización de Galicia, orientaba os seus fillos cara ás carreiras administrativas. A escola e maila familia servíronlles ós burgueses do país para darlles ós seus vástagos a formación necesaria para se desenvolveren nos ámbitos sociais e laborais que lles estaban reservados. En realidade, a influencia da Administración chegou alén da clase social a quen estaban destinados os postos funcionariais, porque obrigou a toda a sociedade a un contacto crecente coa burocracia castelanizante.

A industria e o comercio só constituían alternativas consistentes á carreira administrativa nas cidades da costa, pero estas actividades económicas tamén funcionaron como factores homoxeneizadores co resto do Estado e, polo tanto, castelanizadores. Cómpre ter en conta, neste sentido, que o graso da burguesía industrial e mercantil da Galicia no século XIX era foráneo: burguesía catalana, vasca, maragata, castelá... (Fernández Casanova, 1991).

A deserción da fidalguía, clase dominante en Galicia ata finais do século XIX, formou parte do proceso de aburguesamento que este grupo social estaba experimentando dende o principio da centuria, proceso que levou a baixa nobreza galega a trasladarse ás cidades e asumir os valores e o xeito de vida da nova clase emerxente.

2.2. CLASES BAIXAS URBANAS: O PROLETARIADO

Os estratos sociais baixos do medio urbano seguiron os altos e os medios no abandono da lingua, nun intento de apropiación simbólica do prestixio e do poder destes. Os sindicatos obreiros non funcionaron como elementos retardadores do proceso de deserción lingüística entre as clases inferiores da sociedade, senón que facilitaron o avance do castelán. Os seus líderes dirixíanse nesta lingua a un proletariado basicamente galegofalante e reclamaban melloras educativas que lles permitisen ós obreiros acceder ó coñecemento do idioma de Cervantes.

En contra do que se adoita dicir, creo que, na escolla lingüística dos obreiros, o internacionalismo é só unha xustificación a posteriori dunha decisión tomada de antemán. ¿Que sentido ten que uns traballadores que usaban como lingua habitual o galega a cambiasen, baseándose en presupostos antinacionalistas, por un idioma estatal —e non universal— continuamente apoiado pola burguesía con apelacións á nación española? A ausencia total de galega na loita sindical pode ter que ver cun razoamento que fixeran xa os burgueses durante a Revolución Francesa (aínda que, evidentemente, as motivacións que se agachaban trala súa argumentación fosen distintas):

“The revolution established French as the national language in the name of an ideology which maintained that the state administration was undemocratic, not because it operated in a language alien to the people but because the people had been excluded from the language of reason.”
(Achard, 1980: 176)

É dicir, en vez de toma-lo camiño de converte-la lingua do pobo nun idioma de prestixio e de poder, as organizacións obreiras optaron por democratiza-la lingua das clases altas, reivindicando dun xeito práctico o dereito do conxunto da poboación a acceder a ela.

A esta primeira razón hai que lle sumar unha segunda: no momento histórico que nos ocupa, a cultura dominante irradiaba o estereotipo do castelán como lingua do poder, do progreso, do ascenso social, da expresión elegante... e do galega como idioma do pobo social e culturalmente atrasado; é dicir, como idioma da expresión ruda e informal (Monteagudo, 1995). Na miña opinión, a actitude lingüística dos dirixentes obreiros presenta unha boa dose de cesión ante a enorme presión desta cultura dominante, que tiña o seu lugar de expresión privilexiado nas cidades, onde o proletariado vivía. Do mesmo xeito que asumiron outros aspectos dela —como a vestimenta: gravata, chapeo...—, asumiron o castelán como lingua pública. Aceptaron o seu papel como idioma de poder, que xa lles viña dado, e iniciaron a loita pola súa conquista; pero non deron revisado criticamente a posición da lingua do pobo na sociedade, nin foron capaces de supera-los prexuízos e as representacións negativas que desprestixiaban o galega e mais a eles mesmos, como talantes que eran deste idioma. E, por suposto, non foron quen de lle reivindicar un novo status ó vernáculo emerxente das clases baixas. En materia lingüística non houbo, xa que logo, revolución.

2.3. O CAMPESIÑADO

En canto á clase campesiña, a falta de mobilidade social no medio rural volvía pouco interesante e útil para os labregos a mobilidade lingüística. Non existindo aínda entre eles unha consciencia nacional que os levase a abstractas fidelidades á lingua, eran razóns de tipo práctico as que favorecían ou impedían o abandono do galega. Así, a perspectiva da emigración, unha das principais vías de ascenso económico e social para os labregos, puido incitalos a aprende-lo castelán. Os estudos de A. Costa (1989) e de Narciso de Gabriel (1990) demostran cómo na época os pais dos alumnos preferían que na súa aldea se instalasen escolas de rapaces e non de rapazas, na crenza de que ós primeiros lles sería máis útil a asistencia a unhas aulas onde se esperaba que adquirisen un idioma con que desenvolverse en América ou no servicio militar.

Agora ben, hai razóns para sospeitar que aqueles emigrantes que de regreso a Galicia se reincorporaban a un medio galegofalante e á súa clase social de partida, desaparecida xa a razón que os levara a abandona-lo galega, recuperaban, a longo ou a medio prazo, a súa lingua primeira. O mesmo sucedería cas quintos retornados do servicio militar.

Á falta de mobilidade social para o campesiñado hai que suma-lo feito de que a escola pública non estivese preparada nin orientada para facilitarlles ós fillos dos labregos a aprendizaxe, o coñecemento, do castelán, senón só para procura-lo seu recoñecemento como lingua lexítima (Bourdieu, 1985). Por iso o papel da escola como vehículo inmediato do cambio lingüístico entre as clases baixas era moi reducido, e por iso a reivindicación da lingua galega neste ámbi-

to foi tardía e comezou por incidir no papel do ensino sobre o prestixio do idioma. Valentín Lamas Carvajal (1876), Xosé Soto Campos (en Gabriel, 1989), AlDredo Brañas (1889), Aurelio Ribalta (en Costa, 1989), Marcial de la Iglesia (en SA, 1911 e Monteagudo, no prelo), a Real Academia Galega (SA, 1911) ou Manuel García Blanco (1912) expuxeron distintas razóns para a introducción do galega na escola, pero só o derradeiro deles, xa ó final do período aquí estudia-do, chamou a atención sobre os seus efectos como freo ó abandono do galega.

2.4. DAS CULTURAS AGRO-ALFABÉTICAS ÁS CULTURAS UNIFORMISTAS

A distribución desigual do coñecemento e do recoñecemento do castelán non se cinguíu unicamente ó ámbito escolar, senón que este foi só un reflexo —ó tempo que un mecanismo de control— da sociedade. A burguesía, que tomara e que mantiña o seu poder no nome da igualdade, tivo que xustificar na meritocracia a súa posición privilexiada. O castelán, lingua común necesaria para o funcionamento eficaz da Administración centralizada e do mercado nacional, foi convertido en mérito mediante un proceso continuado de lexitimación, pero unha vez feito isto volveuse necesario limita-la súa difusión co fin de mante-la ignorancia política e maila deficiente capacitación das clases baixas. Na miña opinión, no período 1875-1916 encontrámonos nunha fase de transición entre as culturas agro-alfabéticas (Grillo, 1989) —caracterizadas pola imposición da lingua da Corte na Administración e mais polo desinterese en estender esa mesma lingua á masa popular— e as políticas lingüísticas plenamente uniformadoras. Esta situación intermedia distínguese polos seguintes trazos:

- Búscase a extensión do castelán a determinadas capas socioprofesionais e mais a determinados ámbitos, pero non hai medios nin interese en estendelo ó conxunto da sociedade. Cara a principios de século vaise ir percibindo un pequeno cambio nesta actitude en sentido máis uniformador.
- Estas capas sociais e estas ámbitos de extensión do castelán son moito máis amplos cós do antigo réxime e igualmente prestixiosos.
- Perséguese unha uniformación das actitudes lingüísticas: cómpre que unha soa lingua sexa recoñecida como lexítima polo conxunto da poboación do Estado.

Como consecuencia desta política intermedia, a deserción lingüística real que se produce entre 1875 e 1916 non é tan importante como a deserción lingüística que se prepara para o futuro. Cando as condicións e os medios de acceso ó castelán melloren e a mobilidade social se faga máis doada, o abandono do galega terá o camiño achanzado por un recoñecemento case xeral da lexitimidade da lingua de Cervantes. Este recoñecemento constitúe o verdadeiro obxectivo perseguido durante a Restauración.

3. O CULTIVO

Paralelamente a esta lenta diminución do monolingüismo galega que se produciu no ámbito da oralidade estábase dando unha evolución contraria na lingua escrita. Da man dun sector da elite aculturada en castelán, o galega iniciara a conquista de novos espazos, o que tivo repercusións sobre o seu corpus e sobre o seu status.

3.1. LITERATURA E LINGUA

Aínda que no período que eu estudiei non é unánime entre ese sector da elite a opinión de que a auténtica literatura galega ten que estar necesariamente escrita no idioma do pobo, si perciben os intelectuais da época unha clara conexión entre promoción da lingua e promoción da literatura, ou mesmo entre vida da lingua e vida da literatura escrita. As razóns polas que as elites castelanfalantes elixen o eido da literatura para inici-la reivindicación e maila promoción do galega son diversas, pero entre elas destacan as seguintes:

1. A vía máis clara para traspasarlle ó galego o prestixio de que gozaba o castelán era o seu emprego naquelas funcións prestixiosas que ata daquela só se podían desenvolver na lingua A.

No período estudiado, un idioma sen manifestación literaria escrita dificilmente podería ser considerado outra causa que dialecto. Nas fases temperás do cultivo dunha lingua é fundamental o papel simbólico da literatura, pois sen o prestixio que esta lle transmite ó idioma en que está escrita, as elites non se decidirán nunca a usa-la lingua B para a prosa non-ficcional que, segundo Kloss (1967), constitúe a garantía dun prestixio duradeiro (Joseph 1987).

2. A estigmatización social a que se encontraba sometido o galega provocaba que o seu uso oral fose inmediatamente interpretado como signo de mala educación ou de incultura e de baixa posición social; pero ninguén que fose capaz de escribir composicións literarias sería sospeitoso de semellantes crimes, por moito que o idioma que empregase fose o dos labregos.

3.2. AVANCES FUNCIONAIS

Para poder analiza-los avances no cultivo do galego durante o período 1875-1916 elaborei unha lista o máis exhaustiva que me foi posible con tódalas publicacións non-periódicas da época (libros e folletos) en que aparece esta

lingua, xa sexan textos monolingües, bilingües (galego/castelán) ou multilingües. Nesa lista, que pola súa extensión non pode ser reproducida aquí, indicábanse, ademais do nome do autor e do título de cada obra, a súa data de aparición, a edición, a imprenta e/ou editorial, o idioma ou idiomas en que estaba escrita e o tipo de textos que a constituían (narración breve, novela histórica, poesía lírica ou épica, teatro costumista...). A pesar de que son consciente da importancia da prensa no desenvolvemento da literatura deste período, decidín ocuparme só da produción editada en volume exento e deixar a un lado os folletíns e outros textos inseridos en revistas e xornais, ós que só acudín en momentos puntuais en que resultaba imprescindible para non desfigurar a verdadeira evolución do galego. A razón desta restricción obedece á práctica imposibilidade de que unha soa persoa realice con toda a prensa dos corenta anos que abrangue este traballo, nun prazo de tempo razoablemente breve, unha investigación como a que fixen para as publicacións non-periódicas. Só con estas penso que é posible, con todo, facerse unha idea da traxectoria do idioma de Galicia nesta época.

Despois de rexeita-los modelos klossianos máis corñicados (cfr. Ammon, 1989 e Santamarina, 1995) para a organización das fases ou dos niveis de elaboración nun proceso de estandarización, por resultaren insuficientes na súa aplicación a etapas temperás do dito proceso, escollín a proposta publicada por H. Kloss en 1978 e traducida e comentada por J. Joseph no seu libro *Eloquence and power* (1987). Así concluí que a partir dos anos 80 do pasado século o galego comezou a cultivarse nunha serie de xéneros que, ó meu ver, teñen as características dos sinalados por Kloss-Joseph para as fases 1 e 2 do proceso de elaboración. Sen embargo, mentres que se pode afirmar que o idioma do país se consolida nos avances propios do primeiro destes niveis —ampliación temática na poesía e mais produción de narrativa breve—, nos xéneros propios do nivel 2 —teatro, novela, poesía épica e primeira prosa non-ficcional— só se pode falar de inicio do proceso. As limitacións temáticas e de ambientación (as novelas e os dramas sitúanse nas aldeas ou nos tempos pasados, pero tentan evita-la violencia de presentar personaxes burgueses falando galego) e, en menor medida, unha maior escaseza na cantidade de obras destes xéneros son as causas de que non poidamos considerar que, á altura de 1916, a fase dúos está xa plenamente consolidada. Polo que se refire á fase 3, a ocasionalidade dos ensaios curtos orixinais acerca da historia de Galicia só permite falar de incursións esporádicas e preparatorias do futuro desenvolvemento do ensaio galego.

En todo caso, interesa destacar aquí que, nin polo que se refire á cantidade de publicacións por ano nin polo que se refire ós tipos de textos cultivados, se pode falar de crise da literatura galega a partir do ano 90 do século pasado e ata 1913 ou 16, como adoita facer-la historiografía da literatura baseándose máis en criterios de calidade ca nos que aquí manexamos.

	<i>Kloss-Joseph</i>	<i>Galego, 1875-1916</i>
Prefase	Folclore	Poesía folclórica e de circunstancias
Fase 1	Poesía lírica Poesía e narrativa cómicas Diálogos en novelas	Poesía ampliación temática (civil, lírica, relixiosa) Narrativa breve Publicacións periódicas completas
Fase 2	Teatro Narrativa en prosa e en verso Inicio da literatura non-ficcional	Teatro Novela e poesía épica Inicio da literatura non-ficcional
Fase 3	Ensaio 1 Revistas completas	
Fase 4	Ensaio 2 Publicacións periódicas completas	
Fase 5	Ensaio 3 Documentos oficiais	

Fonte: elaboración propia

3.4. OS EDITORES

Nos avances no cultivo da lingua tañen un papel importante, non só os escritores, senón tamén os xornais e mailos impresores e editores que sacaron á luz obras en galego. Aínda que foron moitos os establecementos tipográficos do país que publicaron algunha obra bilingüe ou monolingüe galega —un total de 113— a maioría deles tiraron do prelo unicamente un ou dous libros no idioma do país en todo o período. Só un 15% destas editoriais ou imprentas demostrou certa continuidade e certo grao de interese no galego. Destaca especialmente o papel do editor Martínez Salazar, coa súa Biblioteca Gallega, o de Ferrer e mallo de Carré.

4. AS IDEAS

Ó mesmo tempo que se producía todo o esforzo descrito polo cultivo e pola elaboración do galego estíbbase construíndo un discurso sobre a lingua que apoiaba e impulsaba este proceso. De acordo coas ideas que circulaban e que se aceptaban daquela en toda Europa, o idioma e maila raza aparecen indisolublemente unidos para Manuel Murguía, principal articulador da teoría celtista en materia de lingua.

A partir de finais do século XVIII —co descubrimento da familia lingüística indoeuropea e coa conversión da lingüística en ciencia humanística forte que lles impuxo os seus métodos e os seus resultados a outras disciplinas, como a antropoloxía— o que en realidade só era unha familia lingüística foi transformado polos occidentais en raza indoeuropea ou aria, aposta á semítica. Esta raza aria foi axiña subdividida en subrazas que se fixeron coincidir con antigos pobos europeos como, por exemplo, o celta. Para Manuel Murguía, por exemplo, os galegas somos celtas que recibímo-la achega civilizadora doutra subraza: a sueva. Como ámbalas dúas pertencen á familia aria non hai contaminación racial nin, polo tanto, perigo de dexeneración. Algo moi distinto sucede en Castela, onde a primitiva raza se mesturou cun elemento alleo: o árabe, semítico.

Se nun primeiro momento se inventa unha raza partindo da lingua, nun segundo momento desenvólvese o proceso inverso: partindo da raza, constrúese unha lingua e maila súa historia. Manuel Murguía defende, igual que o facía Granier de Cassagnac con respecto ó francés ou Joao Pedro Ribeiro verbo do portugués, que o galego existiu como tal dende antes da dominación romana; é dicir, que é anterior ó latín. Como, por outra parte, non pode negalo claro Influxo da lingua do Lacio no naoso idioma, ten que se contentar con minimizalo: a fala celta, segundo Murguía, non desapareceu baixo o dominio romano, senón que influíu no latín e modificouno naquilo que para este autor constitúe a esencia dunha lingua: a fonética.

A teoría lingüística celtista ten unha serie de implicacións entre as que destacan as seguintes:

— Permite eleva-la categoría do galega de idioma de míseros campesiños a lingua aria, é dicir, a lingua superior e europea. Ó mesmo tempo, permite contrapoñela con vantaxe ó castelán, contaminado con elementos árabes dos que, segundo Murguía, o galega carece por completo (Máiz, 1984).

— As interferencias do castelán no galega convértense no maior perigo para a lingua, en causa da súa dexeneración e no único medio que a pode levar á morte. A visión negativa da contaminación racial e lingüística fai inaceptable a defendida con anterioridade por autores como Marcial Valladares (1884), para quen as interferencias do castelán no galega perfeccionaban este último idioma.

— A lingua galega, indisolublemente unida á raza, non desaparecerá mentres haxa un só representante auténtico desta. Dado que os auténticos representantes da raza son os labregos, é a eles a quen lles corresponde manter vivo o idioma. A burguesía, máis que falar en galega, o que ten que facer é escribilo co fin de dignificalo. A súa cultura faina responsable do cultivo, pero non necesariamente dos usos orais.

— Murguía pensa que cando unha raza pura cambia de idioma adapta a nova adquisición ás necesidades da súa alma, polo que, en realidade, nunca abandona de todo os trazos característicos da lingua que acaba de deixar. Así

sucedeu co galego, “que siendo tan neo-latino, se advierten y perciben en él las huellas poderosas de la lengua céltica” (en Hermida, 1992: 203). Esta argumentación, que lle vale a Manuel Murguía para demostra-la celticidade do galega, podería usarse tamén para xustifica-la non-problematicidade do abandono do idioma do país en favor do castelán. Esta é unha importante lagoa na teoría murguiana da lingua.

A idea celtista estendeuse axiña entre os intelectuais e os galeguistas aínda que, por suposto, tamén tivo opositores. Martínez Salazar (1907), García de Diego (1909) ou, dende posicións menos fundamentadas, García de la Riega (1907), son algúns dos nomes que se aliñan no bando dos defensores da latinidade do galega. Entre os defensores do celtismo tamén hai tendencias diversas.

Así, Manuel Curros Enríquez (1914) e Vázquez Senra (1907) van máis lonxe ca Murguía e negan calquera influencia do latín no galego. Para xustifica-las semellanzas entre os dous idiomas elaboran teorías fantasiosas e rebuscadas. Vexamos, por exemplo, cál é a teoría que Curros herda e adapta de autores portugueses como Nobre França ou Joao Ribeiro:

Os celtas do noroeste peninsular -que, para Curros, parecen incluír tamén os iberos repoboaron todo o sur de Europa tras unha grande inundación -non a de Noé, senón outra producida pola inclinación polar- que anegou case todo o naso planeta. Os repoboadores levaban con eles, entre outras cousas, a súa lingua. Por iso o latín e o grego, falados polos descendentes daqueles celtas aventureiros, se parecen ó idioma orixinal de Galicia: o celtíbero. Curros deixa que sexamos nós os que saquémo-las consecuencias desta teoría: as que nos parecen palabras latinas e gregas non son outra causa que vocábulos do celta primitivo falado en Galicia dende os tempos máis remotos, os cales se asemellan ós destes dous idiomas como consecuencia da relación de parentesco que une a lingua helena e maila do Lacio co celta antigo, do que proceden.

Salvador Golpe (1902) expón a idea -ás veces aceptada e ás veces rexeitada por Murguía e aínda defendida ás veces por importantes lingüistas da época- de que o clima ten unha Influencia decisiva na conformación das linguas. Augusto González Besada (1887) é quen seguirá máis de cerca as teorías murguianas, pero tenta xustificalas fundamentándoas cientificamente. Canta as excelencias do método comparativo, cita famosos lingüistas europeos, busca leis fonéticas... pero na súa *Historia crítica de la literatura gallega* abrollan por todas partes prexuízos e conceptos precientíficos que revelan unha escasa asimilación dos métodos e das ideas dos autores consultados. Este xogo entre o científico e o murguiano converte a Besada, ó meu ver, nun dos autores máis interesantes do período 1875-1916. A falta de espacio impídeme dedicarlle a atención que merece, así que teño que conformarme con recomendarlle a lectura da súa *Historia crítica de la literatura gallega* a todo aquel que estea interesado nestes temas.

BIBLIOGRAFÍA

- ACHARD, P. (1980): "History and de Politics of Language in France: a review essay", en *History Workshop Journal* 10: 175-183.
- AMMON, U. (1989): "Towards a Descriptive Framework of the Status/Function (Social Position) of a Language within a Country" en AMMON (1989): *Status and Function of Languages and Language Varieties*. Berlin/New York, Walter de Gruyter: 21-106.
- BRANAS, A. (1889): *El Regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario*. Barcelona, Jaime Molinas, Editor (edición facsimilar: A Coruña, La Voz de Galicia, 1982).
- BOURDEU, P. (1985): *¿Que signif ca hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*. Madrid, Ediciones Akal.
- COSTA, A. (1989): *Estolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Santiago de Compostela, Servicio Central de Publicacións, Consellería da Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia.
- CURROS ENRÍQUEZ, M. (1914): *Obras completas de Curros Enríquez VI. Eduardo Chao. Estudio biográfico-político*. Madrid, Perlado, Páez y Compañ a (Sucesores de Hernando).
- FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (1991): "La sociedad en el siglo XIX", en VILLARES (dir.) (1991): (1991): *Historia de Galicia*. Vigo, Faro de Vigo: 785-800.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M.A. e RODRÍGUEZ NEIRA, M.A. (coords.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. Vigo, Real Academia Galega.
- GABRIEL, N. (1989): "O 'Congreso Pedagógico' de Barcelona (1888) e a reivindicación didáctica da lingua galega", en *Agália* 17: 17-31.
- (1990): *Leer, escribir y contar. Escolarización y sociedad en Galicia (1875-1900)*. Sada, A Coruña, Edicións do Castro. i,
- GARCÍA BLANCO, M. (1912): *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*. Lugo, El Norte de Galicia.
- GARCÍA DE DIEGO, V. (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (fonética-moriología)*. Burgos, Hijos de Santiago Rodríguez (edición facsimilar: *Verba*, anexo 23).
- GARCÍA DE LA RIEGA, C. (1907): *Dialecto gallego. El articulo definido o, a, o y el Sr. Martinez Salazar*. Pontevedra, Barros Hermanos.
- GOLPE, S. (1902): *Regionalismo y lenguaje*. A Coruña, Casa de la Misericordia.
- GONZÁLEZ BESADA, A.: (1887): *Historia crítica de la literatura gallega. Edad antigua. Tomo I*. A Coruña, La Voz de Galicia.
- GRILLO, R.D. (1989): *Dominant Languages. Language and Hierarchy in Britain and France*. Cambridge/New York/Port Chester/Melbourne/Siduey, Cambridge University Press.

- HERMIDA GULIAS, C. (1992): *A reivindicación da lingua galega no rexurdimento (1840-1991)*.
Escolma de textos. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- JOSEPH, J.E. (1987): *Eloquence and Power. The Rise of Language Standards and Standard Languages*. Londres: First Pinter (Publishers).
- KLOSS, H. (1967): “‘Abstand Languages’ and ‘Ausbau Languages’”, en *Anthropological Linguistics* 9.7: 29-41.
- LAMAS CARVAJAL, V. (1876): “Os’ meus compañeiros de monteira”, en *O Tio Marcos d’a Portela* 4 (edición facsimilar: A Coruña, Edman, 1989: 14).
- LÓPEZ FERREIRO, A. (18952a): *A tecedeira de Bonoval*. A Coruña, Andrés Martínez.
- MÁIZ, R. (1984): *O rexionalismo galega: organización e ideoloxía (1886-1907)*. Suda-A Coruña, Edición do Castro.
- MARTÍNEZ MURGUÍA, M. (1886): *Los precursores*. A Coruña: Latorre y Martínez (edición facsimilar, A Coruña, La Voz de Galicia, 1975).
- MARTÍNEZ SALAZAR, A. (1907): *Antiguallas de Galicia. Apuntes acerca del origen e historia del articulo def nido gallego-portugués*. A Coruña, Ferrer.
- MONTEAGUDO, H. (no prelo): *Ideas e debotes sobre a lingua. Afonso Daniel Rodriguez Castelao e a tradición galeguista*.
- SA (1911): “Junta ordinaria del 15 de septiembre de 1911” en *Boletin de la Real Academia Gallega*, V.51-52: 74-76.
- VÁZQUEZ SENRA, E. (1907): “El gallego no es hijo del latín” en *Boletin de la Real Academia Gallega*, I.9: 203-208.
- VIDAL RODRÍGUEZ, M. (1909): *Don Porrazo o mi cubierto de plata*. Madrid, Revista de Archivos.